

Prefixos e sufixos

Os **prefixos** son partículas que se engaden ao principio dalgunhas palabras para formar outras novas. Por exemplo: **recoñecer**, **subterráneo**, **teléfono**.

Os **sufixos** son partículas que se engaden ao final dalgunhas palabras para formar outras novas. Por exemplo: **panadeiro**, **bronquite**, **aprendizaxe**.

1. Relaciona as seguintes palabras cos seus prefixos.

Foto-	-loxía
Auto-	-histórico
Pre-	-grafía
Crono-	-móbil

2. Relaciona as seguintes palabras cos seus sufixos.

Almacen-	-ista
Cociñ-	-axe
Agrad-	-able
Xornal-	-eira

3. Escribe unha palabra con cada prefixo e sufixo.

<u>Prefixo</u>		<u>Sufixo</u>	
Re-		-or	
Des-		-al	
Im-		-ación	